


ORGANIZAN



Maria Kopie

XORNADA CULTURAL

29 DE MARZO DE 2019



EOI CARBALLO

MAÑÁ

OBRADOIRO DE COCIÑA

FRANCÉS

11:00-12:00

AULA 1

E se cociñamos en francés? Ven ao noso obradoiro e prepara 3 pratos: dous aperitivos e un doce. Selecciona os alimentos no noso supermercado, entra na cociña e segue os pasos das *chefs*, fai o prato e lévao para a casa. É necesario que todos os participantes traian un coitelo, un garfo, unha culler para sopa e outra para café, e unha táboa para cortar. Prazas limitadas. Reserva a túa praza co teu profesor. Obradoiro patrocinado por **GADIS**. Dirixen: Raquel Cotelo, Isa Rama e Mary Rubido.

VISITA GUIADA: DERRUBANDO MUROS CON PINTURA

12:30-13:30

CAFETERÍA

Visita guiada en inglés aos murais urbanos de Carballo na que podes practicar o idioma e, ao mesmo tempo, disfrutar desta iniciativa que leva tres anos funcionando para converter en arte as feridas urbanísticas da capital bergantiñá.

O guía desta actividade é o noso compañeiro Carlos Aradas.


TARDE

AT THE MOVIES

INGLÉS

16:00-17:00

AULA 3

 Lembras diálogos míticos, temas musicais, nomes de actores, títulos de películas...? Achégate a este *Movie Quiz* e poderás poñer a proba a túa capacidade de memoria e identificación. Haberá algún que outro agasallo para os que recorden máis cousas. Dirixe: Javier Tosar.

TARDE

ESCAPE ROOM

INGLÉS

17:00-18:00

AULA 2


Se tes o sangue frío e unha mente dedutiva ao máis puro estilo Sherlock Holmes, esta é a túa actividade, pensada para alumnos a partir dun nivel B1. Durante unha hora terás que afrontar desafíos e probas que te levarán a saír desta habitación ou a quedar pechado nela para sempre! Dirixe: Isabel Noya.

MERENDA INTERNACIONAL

TODOS OS IDIOMAS

18:00-19:00

AULA 1

 Poderás degustar *gaufres, brownie, Sachertorte, shortbread* e moitas outras *delicatessen* elaboradas polos profesores da EOI. Tamén haberá café, te e refrescos cos que acompañar os doces, todo polo prezo de 1 €. Organiza todo o profesorado da EOI.

- Entrega de premios de redacción *Semana da francofonía*.

OBRADOIRO DE RAMIÑOS DE PASCUA

ALEMÁN

19:00-20:00

AULA 2

Hallo! Participa nesta actividade creativa na que poderás levar un elemento decorativo de Pascua: **ein Osterbaum**. Consiste en pintar e decorar ovos para despois colgalos nunhas ramas e así facer un ramiño de Pascua. Dirixen: Lucía Viña e Maria Kopie.



HOOKED ON TV SHOWS?

INGLÉS

20:00-21:00

AULA 3

Gústanche as series de televisión? Participa nun concurso (*Quiz Show*) sobre series antigas e modernas, todas elas feitas en países de fala inglesa (EEUU, Reino Unido, Australia...). Os tes primeiros gañadores recibirán un obsequio. Dirixe: Ana Felpete.